

A CARTA DE PRESENTACIÓN

A carta de presentación é unha poderosa axuda que acompaña ao currículo á hora de atopar traballo.

O obxectivo desta carta é xerar interese na candidatura e conseguir que os seus destinatarios desexen coñecer a persoa candidata e concederlle unha entrevista de traballo.

Existen dous modelos:

- 1. Carta de presentación para responder a unha oferta de emprego**
Envíase en resposta a unha oferta de emprego publicada, xa sexa en prensa ou en internet.
- 2. Carta de presentación para enviar unha candidatura espontánea**
A carta de presentación de candidatura espontánea permite tomar unha actitude activa e contactar coas empresas nas que se desexa traballar.